

# Organización-I



**Mm**  
MANUAL DE FORMACIÓN  
PARA O MARIQUEO

- ¿Como funciona unha Confraría?
- ¿Cales son as vantaxes de formar unha Agrupación?
- ¿Quen pode ser socio dunha Confraría?
- ¿Por que temos que estar organizadas?
- ¿Como elixímo-la Xunta Directiva?

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PESCA E  
ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Innovación e  
Desenvolvemento Pesqueiro



**Coordinación:**

José Antonio García Villanueva  
Matilde Alonso Acosta  
Antonio Rodríguez Fernández  
Beatriz Villar Cedrón

**Autores:**

Montserrat Castro Vázquez  
Belén Escariz Pérez  
M<sup>a</sup> Visitación Iturralde de la Fuente  
Salvador Lago Cordo  
M<sup>a</sup> Luz Lamas Ferreiro  
M<sup>a</sup> José Lopez Barral  
Félix Lorenzo de Dios  
Esperanza Martínez Bouzas  
M<sup>a</sup> do Carmen Novoa Valiñas  
Maximina Pereira Rodríguez  
María Rioboo San Luis  
M<sup>a</sup> Anxeles Santorum Pérez

**Supervisión:**

Elisa Gago Moldes  
Jesús Pérez Alén  
Juan Codesido Villar  
Concepción Blanco Louro

**Debuxos:**

Tangaraño

**Deseño e maquetación:**

Ninfa e Riveiro

**Fotomecánica:**

Resolución

**Impresión:**

Litonor

D.L.: C-2666-2002  
ISBN: 84-453-3372-0

Agradecimentos: A tódalas persoas que contribuíron cos seus coñecementos e aportacións a realización deste manual .

# ORGANIZACIÓN - I

¿Como funciona unha confraría?

¿Quen pode ser socio dunha confraría?

¿Cales son as vantaxes de formar unha agrupación?

¿Por que temos que estar organizadas?

¿Como elixímo-la xunta directiva?

## 6.-A ORGANIZACIÓN

### 6.1.- Introducción

Neste módulo imos ve-la importancia que ten a organización no sector marisqueiro e cal é o camiño que compre seguir para que unha rganización teña éxito. Para iso, o primeiro que temos que coñecer é *con qué* e *ónde* traballamos.



Así, sabemos que o noso traballo consiste en recoller marisco na praia. Pero iso non abonda. Hai algo máis que é fundamental no marisqueo: " a **propiedade sobre o marisco téñena aquelas persoas autorizadas (é dicir, con PERMEX) que se comprometan a traballar no sector, sen esquecer que falamos dun produto que está en zona de todos: A PRAIA. Polo tanto, o que vai facer noso o marisco é o noso traballo"** .

De aquí podemos sacar dúas leccións moi importantes:

Primeira: que o marisco é propiedade do conxunto das mariscadoras, motivo polo que imos ter que **traballar xuntas**.

Segunda: que para conseguir mellorar no noso traballo é preciso traballar dun xeito **organizado**.

A resposta a estas preguntas de **¿POR QUE TEMOS QUE ESTAR ORGANIZADAS?** e **¿COMO NOS ORGANIZAMOS?** verémola ó longo deste módulo, no que falaremos arreo do funcionamento dunha agrupación de mariscadoras.

## 6.2.- ¿Que entendemos por organización?



Non é doado responder a unha pregunta como esta, sobre todo se reparamos en que podemos falar de organización referíndonos a moitas cousas: a unha empresa, a unha asociación deportiva, a unha asociación de país, etc. Por este motivo, falaremos de organización soamente dentro do sector marisqueiro, no que buscaremos respostas a preguntas como:

**¿QUE É A ORGANIZACIÓN?** A organización é un grupo de mariscadoras que se unen para satisfacer, entre todas, as súas **necesidades**, apoiándose unhas ás outras como **colectivo** e traballando segundo unhas normas que elas mesmas establecen **democraticamente**.

**¿CALES PODEN SE-LAS NECESIDADES DAS MARISCADORAS?** Entre outras, podemos destaca-las seguintes: ter un traballo estable; un salario digno; estar representadas no sector; etc.

**¿QUE É UN COLECTIVO?** É un tipo de organización como pode se-la agrupación. Nun colectivo xúntanse persoas, materiais e cartos, co fin de sacarlle a todo o maior proveito posible.

**¿QUE É A XESTIÓN DEMOCRÁTICA?** Xestionarse democraticamente quere dicir traballar con igualdade de dereitos e de obrigas, poder participar e ter dereito a votar cando hai que tomar unha decisión.

### 6.3.- ¿Que necesitamos para traballar xuntas?

Cando o noso traballo non só depende de nós, senón que o temos que facer xunto con outras persoas, é necesario marcar unhas normas e un xeito de traballar para todas. Estas normas e esta maneira de realiza-lo noso traballo tense que ver día a día: en respecto, en eficacia no traballo, en orde nas tarefas, en colaboración...




Pero traballar xuntas significa algo máis que todo iso. O feito de estar coas compañeiras supón:

**TER CONFIANZA ENTRE NÓS:** crer ou te-lo convencemento mutuo de non ser defraudada ou explotada polos outros membros do colectivo de mariscadoras.



**COOPERAR NO TRABALLO:** ter boa vontade para que, unindo os esforzos de todas, poidamos atopar solucións ós problemas que xurdan dentro do colectivo de mariscadoras.

**MANTER UNHA BOA COMUNICACIÓN:** temos que conseguir que todo o grupo teña sempre unha información clara e precisa. Estarmos ben informadas é imprescindible para participar no grupo. É dicir, temos que saber qué facer e por qué hai que facelo.



**ATOPAR METAS COMÚNS:** significa establece-las metas, os obxectivos que queremos conseguir co noso traballo (a ónde queremos chegar). Isto é moi importante, porque ***“só se sabemos a ónde imos, saberemos se xa chegamos ou non”***.

Logo, **ESTAR ORGANIZADAS** significa traballar tendo en conta todas esas **actitudes** que acabamos de ver, seguindo as **normas** que nós mesmas establecemos e que nos serven de guía.

## 6.4.- ¿Que queremos conseguir traballando xuntas no marisqueo?

As nosas metas, os obxectivos que desexariamos acadar co marisqueo **organizado**, poden ser, entre outros:

- Xestionar ou traballar con xeito os recursos do mar para conseguir que o marisqueo sexa unha profesión digna e estable.
- Aumenta-la produción dos bancos naturais, co que conseguiremos ó mesmo tempo, gañar máis cartos co noso traballo.
- Ser nós quen propoñámo-los nosos propios plans de explotación, para poder así controla-lo marisqueo da nosa zona.
- Organiza-los traballos que se necesitan facer en cada momento.
- Representar, defender e promociona-los nosos intereses.
- Formarnos no noso traballo, porque, *“temos que aprender todo aquilo que mellore as condicións e a satisfacción polo traballo que facemos”*.
- E, ademais, todo aquilo que ti estas pensando.





## 6.5- ¿Como o podemos conseguir? Normas e participación.

O certo é que, ás veces, as cousas non se conseguen soamente con boas intencións, senón que se precisa dunha planificación, que ten que pasar por:

1º.- **ELABORAR UNHAS NORMAS PARA QUE NOS GUÍEN:** para que estas normas sexan o noso regulamento interno, teñen que ser debatidas e decididas consensuadamente (**CONSENSUAR** significa tratar de tomar decisións que non prexudiquen a ninguén), tratando como mínimo os seguintes temas:

- Os dereitos e os deberes das mariscadoras.
- As funcións e as responsabilidades de cada unha.
- O réxime disciplinario: faltas e sancións.
- O réxime económico: prezos, facturación, cotas, investimentos, etc.



Antes de ser votadas e aprobadas pola maioría, estas normas teñen que ser coñecidas e entendidas por tódalas mariscadoras.

2º.- **POLO COMPROMISO A PARTICIPAR NO TRABALLO E A COLABORAR COAS DEMAIS MARISCADORAS,** porque “non podemos deixar en mans doutros os nosos asuntos, e logo reclamar se as cousas non van ben”.

Nos seguintes cadros, imos estudia-las consecuencias de que exista ou non participación por parte de tódalas mariscadoras.

## EXISTE PARTICIPACIÓN CANDO:

- Votamos.
- Asistimos ás reunións.
- Dámo-la nosa opinión nas reunións.
- Participamos na planificación dos traballos.
- Participamos nos traballos.
- Colaboramos nos gastos pagando as cotas.
- E outras vantaxes que ti sabes.



## A PARTICIPACIÓN É MÍNIMA CANDO:

- A directiva non ten as metas claras.
- A directiva cre que o sabe todo.
- Non hai líderes.
- A organización funciona mirando ó pasado.
- Non se teñen en conta as liberdades das persoas e non se respectan as opinións diferentes.
- A directiva é autoritaria.
- E cando hai outros inconvenientes que ti sabes.

## 6.6.- ¿Quen decide sobre os temas máis importantes para a agrupación? A asemblea.

Os socios de calquera organización participan na toma de decisións. E para decidir e tomar decisións, tódolos socios -neste caso as mariscadoras- se reúnen en asemblea. Polo tanto, diremos que **“na asemblea é onde se expresa a vontade das socias”**.

Nos seguintes cadros imos explicar cáles son as funcións e os tipos de asemblea que poden face-lo colectivo de mariscadoras:

### FUNCIÓNS:

- Marca-los obxectivos e as estratexias da organización.
  - Elixi-los cargos da xunta directiva.
  - Aproba-lo regulamento interno.
- E todos aqueles temas de relevancia para a nosa organización.



## TIPOS:

- **ORDINARIA:** Terá lugar unha vez ó ano para tratar, como pouco, a xestión económica da nosa agrupación durante o ano, así como a aprobación das contas.
- **EXTRAORDINARIA:** Realizarase tantas veces sexa necesario, pero sempre ten que ser convocada cando se traten temas nos que sexa precisa a colaboración e a decisión de todas.

## 6.7.- ¿Como se planifican as reunións?

Sabido é que, ás veces, cando a xente se “reúne” para tomar acordos, aparecen continuas disputas e hai falta de entendemento. Nos máis dos casos, iso sucede porque, xa de entrada, non se teñen claros certos asuntos como son: ¿para que facémo-la reunión?, ¿que temas imos tratar?, ¿quen vai dirixi-los debates para que se desenvolvan correctamente?... Todo iso pode aprenderse, e o noso deber é sabelo se verdadeiramente queremos progresar e toma-las rendas do noso destino profesional.

Así, antes de reunírnos, debemos ter claros os seguintes puntos:



1. OS ASUNTOS QUE IMOS TRATAR NA REUNIÓN E OS OBXECTIVOS QUE QUEREMOS ACADAR (qué se pretende conseguir coa reunión). Ás veces convén elixir poucos temas para tratalos a fondo.



**2. O AMBIENTE:** temos que elixir un lugar para face-la reunión que nos permita traballar en boas condicións, con espazo suficiente, situando as participantes de xeito que poida haber unha boa comunicación e sen que nos interrompan de fóra.

**3. HORARIO E DURACIÓN:** a hora sinalada para o comezo da reunión debe se-la máis cómoda para as participantes, e a duración non debe pasar das dúas horas.

**4. CONVOCATORIA:** temos que facer unha *convocatoria* da reunión na que se expliquen claramente os seus motivos e obxectivos. Debemos conseguir que as mariscadoras teñan interese en participar nesa reunión, porque os temas que se van tratar son importantes para elas.

**5. PUNTUALIDADE:** debemos inicia-la reunión á hora sinalada na convocatoria.

**6. PARTICIPACIÓN:** a persoa que conduce ou dirixe a reunión ten que preocuparse de que todo o mundo participe, e deberá manter un ambiente de cordialidade.



**7. CONTROLA-LA REUNIÓN:** tamén deberá procurar controla-lo tempo, evitar que haxa críticas persoais, solucionar conflitos e segui-la orde do día.



**8. ACORDOS:** é importante que os acordos e as decisións que se toman na reunión queden por escrito nunha *acta*, que ten que ser firmada pola presidenta e pola secretaria ó finaliza-la reunión.

**9. PECHE:** a reunión ten que terminar á hora fixada, e rematar cun resumo dos acordos.

**10. AVALIACIÓN:** temos que ve-los resultados que acadamos coa reunión e comparalos cos que tiñamos previstos antes de comeza-la asemblea.

Hai dúas ferramentas moi importantes para conseguir que as reunións arriben a bo porto: **o papel do moderador e a toma de decisións.**

## Ferramentas clave nas asembleas

### FAVORECE-LA TOMA DE DECISIÓNS...

- Procurando que todas fagan sabe-la súa opinión.
- Atender a tódalas opinións: delas sairán as alternativas.
- Discuti-las vantaxes e inconvenientes de cada alternativa.
- Chegar a unha proposta final que integre as ideas de todo o mundo.

### FUNCIÓNS DA MODERADORA NA REUNIÓN...

- Ó comezo da reunión, agradece a asistencia de todas e presenta os temas que se van tratar e a orde na que se tratarán.
- Durante a reunión, a moderadora...
  1. Esixe que se respecten as quendas de palabra.
  2. Esixe que se levante a man e que se lle pida quenda para falar.
  3. Anima a todas a expresa-la súa opinión.
  4. Non deixa nada sen discutir, e controla o grupo para que se tomen as decisións.

## 6.8.- A xunta directiva

Como non todas podemos leva-lo temón da nosa agrupación, debemos elixir de entre nós a aquelas mariscadoras que consideremos como as máis axeitadas para que nos representen. Esas mulleres (as nosas representantes) forman a xunta directiva, que é por iso o órgano de goberno e dirección da agrupación. A misión da xunta directiva é executa-las decisións que antes tomaramos todas xuntas na asemblea.

¿QUEN DECIDE A ÓNDE  
VAI O BARCO?  
TODAS



¿QUEN LEVA O TEMÓN?  
A XUNTA DIRECTIVA



## AS FUNCIÓNS QUE TEN QUE REALIZA-LA XUNTA DIRECTIVA SERÁN, ENTRE OUTRAS, AS SEGUINTE:

- Planifica-la consecución dos obxectivos.
- Presupostar, distribuír e asigna-los recursos económicos dispoñibles.
- Prepara-las actividades e os traballos da organización.
- Controla-la execución do que estaba previsto.
- Solucionar problemas.
- Comunicar, transmitir a tódolos membros da organización as accións e acontecementos que van xurdindo no sector e, en concreto, na agrupación.
- Motivar, estimula-las persoas para que participen na xestión e no desenvolvemento de tódolos traballos.
- Xestionar, executa-las decisións tomadas na asemblea.
- Representa-la agrupación ante a xunta, a confraría, etc.
- E calquera outro que a asemblea decida.

## A XUNTA DIRECTIVA, ESTARÁ COMPOSTA POLAS SEGUINTE PERSOAS:

- **A PRESIDENTA:** que representará á agrupación ante terceiras persoas, organizará os traballos, ordenará os pagos, convocará e moderará as xuntanzas, e realizará tamén outras funcións que lle encomende a asemblea.

Por todo iso, a persoa que elixamos como presidenta debe ser responsable, honesta e honrada, ter capacidade de organización e saber tratar coa xente.



- **A VICEPRESIDENTA:** as súas funcións serán as de colaborar coa presidenta e a de substituíla cando estea ausente; debe reunir tamén as calidades que sinalabamos para a presidenta.

- **A SECRETARIA:** as súas funcións serán, entre outras, as de realizar tarefas administrativas, levantar, redactar e firmar actas. A secretaria debe ser ordenada e responsable.

- **AS VOCAIS:** representan ás socias, encargaranse de distintos traballos segundo as súas calidades e habilidades. Teñen que ser capaces de motivar, te-la confianza do grupo e ser solidarias.

## 6.9.- ¿Como elixímo-la xunta directiva?

Como xa dixemos, **tódalas mariscadoras** formamos parte da asemblea. E é precisamente a asemblea quen elixe á xunta directiva. Estas mulleres que nós escollemos para representarnos na directiva estarán nela por un período de 4 anos.



E, ¿como as eliximos? Mediante unhas eleccións que realizamos na nosa agrupación, eleccións que se fan de acordo cunhas normas -as **normas electorais**-.

Esas normas electorais tenas que elaborar un grupo de mariscadoras (a chamada **comisión electoral**), que ten as seguintes funcións:

- Face-las normas electorais, é dicir: decidir quen pode elixir e cáles son os dereitos das electoras, quen pode ser elixida, cáles son os dereitos das candidatas, proclama-las candidaturas, nomea-la mesa electoral e sinalar cómo se vai realiza-la votación (que é secreta).
- Aproba-lo **censo** (formado polas mariscadoras que pertencen á agrupación).
- Recibi-las candidatas.
- Facer público o día da votación, a hora e o lugar no que vai ter lugar.

Unha vez aprobadas estas normas electorais, crearase a **mesa electoral**, que vai se-la que presidirá as eleccións. Esta mesa estará composta pola mariscadora de máis idade, a máis nova, a membro máis antiga da nosa agrupación e a que posúa o cargo de maior rango.

## 6.10.- A planificación do traballo

Planificar é decidir anticipadamente o que imos facer. Pero antes de poñernos a decidi-lo que faremos no futuro, debemos te-la información precisa para poder toma-las decisións máis acertadas.

A planificación serviranos para orientarnos e para saber se logramos acada-las metas e os obxectivos que ten a nosa agrupación, ademais de guiarnos no que debemos facer en cada momento.

Dentro da planificación, podemos distingui-los plans que facemos a longo prazo e a planificación que nos guía no día a día:



a) **Planificación a longo prazo**: cada ano facémo-lo chamado **plan de traballo**, no que se recollen por escrito temas de produción, de organización e de venda; é dicir, no plan de traballo decidímo-lo seguinte:

- ¿Imos cultivar? ¿Que especies? ¿En que zonas?
- ¿Que zonas necesitan ser recuperadas?
- ¿Canto nos vai custa-la semente?
- ¿Canto imos gañar cultivando? -Deberíamos coñecer cómo gañaron as demais agrupacións-.
- ¿A quen lle imos vender? - Deberíamos saber cómo son os compradores e se pode haber outros interesados-.
- ¿A que prezo imos vender? -Deberíamos saber-los prezos das demais agrupacións-.
- ¿Que necesidades temos de formación? ¿Necesitamos contratar algún especialista que nos asesore?.

b) E dentro da **planificación do día a día**:

- ¿Onde imos traballar?
- ¿Como distribuímo-los traballos?
- ¿Facemos todas o mesmo ou especializámonos?.
- Outras cuestións.

## 6.11.- Diremos que o marisqueo está ben organizado cando:

- As mariscadoras decidan qué traballos hai que facer e quen os vai facer.
- Decidan a qué prezos se venderá o marisco.
- Decidan en qué hai que investir para mellora-las condicións de traballo: tractores, vestiario axeitado, semente, etc.
- Estudien con qué clientes queren traballar.
- Teñan unha xestión administrativa eficaz, para que en todo momento se teña coñecemento de cánto se gaña ou perde e quen nos debe ou a quen se lle debe.
- Se teña unha Seguridade Social que cubra posibles incidentes e garanta unha estabilidade económica cando non se poida traballar (na xubilación).
- Se fomente a satisfacción das mariscadoras como traballadoras: con salarios dignos, con formación, etc.
- Se promocióne o noso marisco e se estudien formas de sacarlle máis rendibilidade.



## 6.12.- Formas asociativas dentro do sector marisqueiro

Tendo sempre en conta que o marisqueo é unha actividade económica e que é a Xunta de Galicia a encargada de aproba-las normas, podemos desenvolverlo noso traballo baixo distintas formas organizativas:

TIPOS	PERSOAS QUE FORMAN PARTE	CAPITAL	PARTICIPACIÓN
CONFRARÍA	Variable	-	Segundo a lei
AGRUPACIÓN	Mariscadoras con Permex e pertencentes a unha confraría	Variable	Democrática
ASOCIACIÓN	Libre asociación	Variable	Democrática
COOPERATIVA	Mariscadoras con dereitos de concesión sobre a praia	3.005 €	Democrática
EMPRESAS CAPITALISTAS	Variable	3.005 € 60.101 €	En función da participación no capital social

# Mm

MANUAL DE FORMACIÓN  
PARA O MARISQUEO

